

Á volta do cosmopolitismo: unha lectura de *Arredor de si* como intervención

Cosmopolitism revisited: reading Arredor de si as an intervention

Alberto ALLEGUE LEIRA

IES Cabo Ortegal
Departamento de Lingua Galega e Literatura
lugarchamadokindberg@edu.xunta.es

Carme FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN

Universidade da Coruña
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística
carme@udc.es

[recibido 11/02/2014, aceptado 16/05/2014]

RESUMO

Arredor de si (1930), unha das novelas máis relevantes da literatura galega do século XX, foi interpretada tradicionalmente como crónica da formación e experiencia intelectual do grupo Nós, a que pertencía o seu autor, Ramón Otero Pedrayo. Neste traballo apúntase unha nova lectura ao poñer en relación un dos temas centrais do romance, o cosmopolitismo, co debate promovido desde as páxinas do xornal *El Pueblo Gallego* por autores máis novos. Estes exhibían un coñecemento directo de Europa para cuestionar o proxecto que o nacionalismo galego viña desenvolvendo até daquela. *Arredor de si* podería ser lido como máis unha intervención nese debate.

PALABRAS CHAVE: Literatura galega, *Arredor de si*, Ramón Otero Pedrayo, *El Pueblo Gallego*, *Nueva Generación Gallega*, nacionalismo galego.

ALLEGUE LEIRA, A. e FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (2014): “Á volta do cosmopolitismo: unha lectura de *Arredor de si* como intervención”, *Madrygal (Madr)*, 17: 13-25.

RESUMEN

Arredor de si (1930), una de las novelas más relevantes de la literatura gallega del siglo XX, ha sido interpretada tradicionalmente como crónica de la formación y experiencia intelectual del grupo Nós, al que pertenecía su autor, Ramón Otero Pedrayo. En este trabajo se señala una nueva lectura al poner en relación uno de los temas centrales de la novela, el cosmopolitismo, con el debate promovido desde las páginas del periódico *El Pueblo Gallego* por autores más jóvenes. Estos exhibían un conocimiento directo de Europa para cuestionar el proyecto que el nacionalismo gallego había desarrollado hasta entonces. *Arredor de si* podría ser leído como una intervención más en ese debate.

PALABRAS CLAVE: Literatura gallega, *Arredor de si*, Ramón Otero Pedrayo, *El Pueblo Gallego*, *Nueva Generación Gallega*, nacionalismo gallego.

ALLEGUE LEIRA, A. e FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (2014): “Alrededor del cosmopolitismo: una lectura de *Arredor de si* como intervención”, *Madrygal (Madr)*, 17: 13-25.

ABSTRACT

Arredor de si (1930), one of the most relevant novels in 20th century Galician literature, has been widely seen as a chronicle of the intellectual standing achieved by the group Nós to which its author, Ramón Otero Pedrayo, belonged. In this review a new perspective is noted by relating a central subject in the book, cosmopolitanism, to the debate promoted by a new generation of young writers on the pages of journal *El Pueblo Gallego*. They would publicise their direct knowledge of Europe in order to question the project till then developed by Galician nationalists. *Arredor de si* should be read as an intervention in that debate.

KEY WORDS: Galician Literature, *Arredor de si*, Ramón Otero Pedrayo, *El Pueblo Gallego*, *Nueva Generación Gallega*, Galician Nationalism.

ALLEGUE LEIRA, A. e FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (2014): “Cosmopolitanism revisited: reading *Arredor de si* as an intervention”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 13-25.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. *Arredor de si* e a disputa xeracional na prensa galega da década de 20. 2.1. Os mozos Bal y Gay, Correa Calderón, Fernández Armes-to e Eugenio Montes. 3. Conclusións. 4. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

Arredor de si (1930) é a novela máis coñecida de Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) e, tamén, aquela pola cal o seu autor mostrou sempre unha clara preferencia. Nela cóntase-nos a viaxe exterior do protagonista –Adrián Solovio–, que procura, primeiro en Madrid e en Castela como referentes da cultura española, e logo na viaxe por Europa, a resposta ás dúbidas sobre si mesmo e sobre a súa identidade. Ese desprazamento espacial non é máis que a imaxe da súa outra viaxe interna, do difícil proceso intelectual e sentimental que o vai levar á redescuberta da súa terra: primeiro, ao coñecemento físico (representado polo percurso simbólico a través dun mapa) e, despois, á aproximación espiritual-cultural, ao tempo que política.

A personaxe central é pouco máis que un esquema de pensamento que serve ao autor para expor o seu discurso. Polas súas características, resulta fácil asimilalo co propio escritor e, así, caer na tentación da crítica biografista. Esta identificación unívoca entre Solovio e o propio Otero, bastante asentada no discurso crítico sobre a obra (Casares 1981: 109-110), deu lugar a unha lectura simplificadora, desmentida en

parte polo feito –ben coñecido– de que os seus contemporáneos se viron reflectidos, tamén eles, nesta novela (Risco 1933, Carballo Calero 1934); non podemos esquecer que un dos aspectos centrais da obra radica na demorada descrición do proceso de desvelamento daquela realidade cultural e social que, estando diante deles, lles era absolutamente descoñecida e coa cal unha parte dos seus coetáneos se vai comprometer activamente.

No presente traballo, quixeramos apuntar unha lectura diferente deste romance baseada na análise do contexto en que se escribiu e publicou por primeira vez. De seguirmos as leccións achegadas pola socioloxía dos textos e da literatura, podemos sinalar unha interpretación de *Arredor de si* como unha obra que, para alén de referir a evolución intelectual partillada por varios intelectuais coetáneos, aspiraba a sinalar o camiño que a mocidade debía seguir na súa formación e na relación con outras culturas europeas, así como a rebater un discurso que propugnaba as bondades de ser cosmopolita¹.

2. ARREDOR DE SI E A DISPUTA XERACIONAL NA PRENSA GALEGA DA DÉCADA DE 20

A lectura que relaciona o relato de Otero Pedrayo coa vontade de intervir no debate inmediato do seu tempo xa foi apuntada por Ernesto Vázquez Souza e Antón Capelán². Nesta liña, gostaríamos de aprofundar nesta suxerente hipótese examinando diversos textos (fornecidos sobre todo pola prensa), entre os cales as páxinas do xornal vigués *El Pueblo Gallego* (en adiante, EPG) ocupan unha posición preeminente. A importancia desta publicación era considerábel na

¹ Cómpre lembrar que as voces “cosmopolita” ou “cosmopolitismo” aparecen con connotacións minusvalorativas en significativos textos de Risco ou Otero Pedrayo, no marco dunha dialéctica nacional/internacional na cal empregaban eses termos para se referiren a aqueles discursos que se mostraban partidarios de emular o alleo e con que non concordaban (Axeitos 1997: 9-10, 17-18).

² “A definición da postura do narrador de Trasalba encóntrase nas páxinas da súa máis coñecida narrativa: *Arredor de si*. As 154 páxinas do volume semellan feitas para tronzar a fuxida cara o “españolismo” e a “falta de compromiso” duns novos con sede de cosmopolitismo. Segundo Antón Capelán, esta narrativa programática é froito deste enfrontamento. É unha das poucas obras de Otero que se sae da liña temática habitual do Ourensán (...)” (Vázquez Souza 2003: 289).

altura en que *Arredor de si* foi editado, de maneira que para o noso traballo será prioritaria a súa análise por dúas razóns. En primeiro lugar, porque se trataba do medio de comunicación de masas con maior importancia na Galiza daquela altura, cunhas estimacións que apuntan a máis de 30 000 lectores (Quintana Garrido 2002: 48-49), e despois porque era un medio que tiña unha proxección galega, por riba dos localismos, ao se distribuír en todo o país, algo que non facían outras cabeceiras. Parece conveniente, por tanto, revisalo para coñecermos mellor a sociedade e o momento en que a obra oteriana apareceu. Por outra banda, este xornal acolleu na segunda metade da década de 20 os traballos duns mozos universitarios que escribían desde Madrid, Franza ou Alemaña, exhibían a súa bagaxe internacional e, de maneira máis ou menos evidente, criticaban desde as súas páxinas o discurso e os posicionamentos do nacionalismo galego. Para seguirmos a traxectoria destes novos, que se designaron a si mesmos como *Nueva Generación Gallega* (NGG), precisamos das páxinas de EPG.

Á hora de lermos *Arredor de si*, son varios os aspectos que convidan a non nos circunscribir exclusivamente á interpretación autobiográfica ou xeracional desta obra. Por exemplo, deberíamos lembrar en primeiro lugar que, cando Otero redixeu *Arredor de si*, o autor contaba con pouco máis de 40 anos e que non había aínda unha década que comezara a súa carreira literaria e xornalística. Era unha persoa a quen lle restaba aínda moito por facer e que tiña por diante numerosos retos. Parecía moi novo para parar e ollar cara a atrás, máxime cando estaba nun momento álxido da súa actividade. De feito, un lector agudo e ben informado como Antón Villar Ponte, cando dá conta con entusiasmo da aparición de *Arredor de si* en agosto de 1930, en absoluto interpreta esta narración como autobiografía ou crónica dunha xeración (Villar Ponte 1930). Semella que esta é unha lectura que se desenvolveu *a posteriori*.

En segundo lugar, outro elemento que afasta *Arredor de si* da biografía do seu autor son as viaxes que realiza o protagonista do relato, Adrián Solovio, aqueles onde aspira a se formar e a se identificar, que non son exactamente coincidentes cos que percorreron os homes de Nós, polo menos, cando mozos. O propio Otero foi estudante e opositor en Madrid, como Adrián Solovio, e visitou os territorios do 98 (Toledo, Castela...), mais non contou cunha bolsa da *Junta de Ampliación de Estudios* (en adiante, JAE) e, se finalmente visitou Franza e Flandres, foi como destino da súa viaxe de noivos e non para o que hoxe chamariamos estadias formativas³. Canto a Colonia, Berlín ou Postdam, parece que o coñecemento de Otero Pedrayo destas cidades só foi posíbel a través da literatura, a diferenza de Solovio. Dos integrantes de Nós, con anterioridade á redacción da novela, posibelmente só Castelao puido participar de algo semellante, xa que si realizou unha viaxe de estudos “pensionado” pola JAE a Franza, Bélxica e Alemaña, mais en 1921, cando estaba a piques de cumprir os 35 anos (Noia 2011: 239). Na altura en que Otero se dispuña a escribir *Arredor de si*, por motivos ben diferentes, Castelao volta a facer unha viaxe de estudos a Europa (á Bretaña, neste caso), ao igual do que Risco, que visita Centroeuropa. Ora ben, ambos os membros de Nós non fixeron estas viaxes como mozos nin cando aínda se están “a buscar” para finalmente descubriren Galiza.

Realmente, os que se encontraban nesa situación, de viaxar a Europa para se formaren con bolsas da JAE nos anos en que se escribía e publicaba *Arredor de si*, eran os mozos galegos que ingresaron na Universidade na década de 20 do século pasado, como referiron Lois Tobío ou Emilio González López, dous exemplos de brillantes alumnos que reflectiron esa experiencia nas súas memorias. Porén, non todos os mozos que naquela altura estudaron ou ensinaron en universidades fóra de Galiza adoptaron a mesma

³ En todo o caso, parece innegábel que as impresións tiradas da súa visita a París lle serviron para a redacción de *Arredor de si*, tal como indican tamén Arias Chachero e Pazos Martínez, editoras da correspondencia coa nai (Otero Pedrayo 2007: 23-24 e 310-315).

posición, nin tiraron idénticas conclusións⁴. Como veremos máis adiante, algúns destes mozos que recibiron bolsas da JAE tiraron un grande partido das súas viaxes e estadias europeas, ao aproveitaren habilmente a conxuntura duns medios de comunicación (especialmente EPG) cada vez máis poderosos, que facultaban a proxección social dos intelectuais nun ámbito propiamente galego durante esta terceira década do século XX⁵.

Ao noso parecer, o relato tamén garda unha relación directa con eses mozos que dispuñan dunha grande proxección na opinión pública. Ramón Villares ten apuntado que *Arredor de si* podería constituír, ao tempo que unha fixación de posicións da xeración Nós en tanto que grupo intelectual, unha indicación de como debería educarse a nova xeración galeguista, a que se estaba a forxar no Seminario de Estudos Galegos (representada no nivel ficcional por Martiño Dumbriá, a personaxe de *Devalar*, e no plano real por Bouza Brey, Filgueira Valverde ou Martínez López, entre outros), e que había ter un grande protagonismo nos tempos da II República (Villares 2007: 179-186). Se ben tal interpretación parece indiscutíbel, cómpre subliñarmos a estreita relación que tamén gardan con *Arredor de si* aqueloutros mozos aludidos anteriormente, os que xa estiveran formándose ou ensinando fóra de Galiza antes de 1930, e que aproveitaran os novos medios de comunicación de masas para difundiren unhas leccións que, tiradas do contacto con Europa, eran opostas ás que defendía Otero e representaba Solovio.

Na nosa opinión, as cuestións máis importantes que se tratan no romance son a formación e a identidade da mocidade e, en consecuencia, cal debe ser a relación que esa identidade galega establece co mundo e, máis concretamente, con Europa. Así, a personaxe de Adrián

Solovio representa aqueles mozos que, cultos e desexosos dunha formación superior, ansiaban dialogar con Europa, ao tempo que procuraban a súa carreira profesional (lembremos que Adrián Solovio debería regresar a Alemaña durante o curso escolar para estudar o ensino da Filosofía). Esta relación entre culturas, como se subliña nas páxinas finais da obra, debería resolverse en pé de igualdade entre todas elas. No entanto, para participar nese diálogo “harmónico” entre os pobos, era ben importante que cada un tivese conciencia de seu, para ser desa maneira un cidadán do mundo e ser recibido por outras culturas “como un igual” (Otero Pedrayo 1930: 151).

Sobre esta tese presente no romance, Otero Pedrayo debeu de reflectir bastante en 1929, cando estaba a redixir *Arredor de si*, xa que durante ese ano publicou en EPG varias colaboracións en que trataba a cuestión da mocidade, a súa vocación e a descuberta do propio país. No primeiro deses artigos (Otero Pedrayo 1929a), presenta “un amigo” que foi moi bo rapaz no Instituto, que medrou de costas ao galego e á súa cultura, para gastar despois os seus “millores anos, arredor de tres culturas”, a castelá, a francesa e a alemá. Tal mozo, dise, estivo “arredor, pois nin entrou n’elas nin elas entraron n’el. Con tristeza adiviñaba a existencia dun impedimento. Non sabía cal”. O final do artigo coincide co do romance: cando o protagonista, obrigado, regresa á aldea, comeza alí a descuberta da cultura galega e, mercé a ela, acaba por comprender “Europa e Castela” e ser un “cidadán do mundo”⁶.

Porén, se neste texto de febreiro de 1929 Otero enuncia a tese de *Arredor de si*, existe outro artigo publicado no día de Nadal dese mesmo ano en que o noso autor volta a tratar estes dous temas, a mocidade e a relación con

⁴ Unha avaliación moi interesante das viaxes científicas que a comunidade universitaria galega realizou no primeiro terzo do século XX, centrada fundamentalmente nas disciplinas das ciencias aplicadas, está recollida en Gurriarán (2011).

⁵ Sobre a aparición dos intelectuais galegos na década dos anos 20 do século pasado, véxase Villares (2007: 162-171).

⁶ Poucas semanas despois, no mes de febreiro, o autor daría a coñecer nesas mesmas páxinas de EPG un esbozo do que habería de ser o capítulo II de *Arredor de si* (Otero Pedrayo 1929b).

outras culturas. A diferenza do anterior, non parafrasea a tese do romance nin enuncia un camiño a seguir, senón que manifesta inquietude ao constatar que a “mocidade galega” estaba nun “tráxico instante”, xa que a súa voz parecía “ser levada da man metódica i-estranza que lle tenden” (Otero Pedrayo 1929c). Ese artigo, titulado “Un canto de serea”, foi publicado na altura en que lle debía de estar dando fin á escrita do periplo soloviano. Nel dános a chave para unha lectura máis ligada ao tempo histórico da obra, en canto que sinala que os “mozos” de 1929 (polo menos unha parte) non eran os da xeración Nós nin aqueles que haberá de representar Martiño Dumbría, senón outros cuxa formación e ascendencia intelectual discordaba claramente con aquela propugnada polos galeguistas.

O desasosegante canto de serea a que fai mención o título do artigo obedece a unha pregunta sinxela: “¿a cultura castelán ha sere a escrusiva guiadora da nosa? ¿Ainda que veña vestida a derradeira moda xermáneca?”. Para o de Trasalba, era un feito que “(...) os ensayistas –¿onde están os filósofos?– madrileños, moldean a cultura da mocidade galega e qu’ista, inxenuamente, esquence ou quer esquencer, outros destinos. Os seus”. O artigo conclúe así:

A mocidade galega cruza un tráxico istante. Quer dicir algo noso, mais en troques de procuralo en sí, d’ollar ô mundo e o futuro sin intermediarios parés contentarse con ser levada da man metódica i-estranza que lle tenden. Lee a “Revista de Occidente” e crítica [*sic*] a Saudade, tripulante d’unha terra-nau prefere a cultura continental dos xermanos, iñora o verdecer da Irlanda e a selva amazónica e intresase pol’as bizantinas esprenceas dos rusos, antepón unha pensión a un viaxe en cargo, agarda a opineón d’un profesor de Madrí e non fai caso da grave interrogación dos ollos dos labregos e dos nenos. Deus non queira que sin decatarse envelleza n’un intelixente e dosificado dogmatismo. (Otero Pedrayo 1929c)

Debemos situar este artigo de Otero Pedrayo no marco dun longo debate que atravesou as páxinas de EPG nos anos finais da década de 20 do século pasado e no cal uns autores que se designaron a si mesmos como “mozos” non deixaron de atacar de maneira reiterada e por veces virulenta uns “vellos” que identificaban cos galeguistas. Neste debate, os mozos levaron

o protagonismo e tiveron unha participación máis frecuente, en tanto que os autores de Nós que colaboraron a partir de 1926 de maneira habitual no xornal portelista raras veces contestaron as súas provocacións. Un trazo común nos traballos desta mocidade foi precisamente o seu carácter cosmopolita, xa que tanto Madrid, como Franza ou Alemaña foron os lugares desde os cales asinaban os seus artigos para EPG. Vexamos quen foron os mozos que contrariaron o discurso do galeguismo, así como desde onde remitían as súas colaboracións, xusto nos anos previos á publicación de *Arredor de si*. Trátase fundamentalmente de catro nomes e de catro lugares que recordan con insistencia o itinerario de Adrián Solovio.

2.1. OS MOZOS BAL Y GAY, CORREA CALDERÓN, FERNÁNDEZ ARMESTO E EUGENIO MONTES

Entre decembro de 1927 e xullo de 1929 (de maneira máis ou menos continua), Eugenio Montes escribe desde París e desde Alemaña, experiencia que repite entre setembro e novembro de 1929 cando visita Franza, Bélxica e Alemaña, deixando constancia disto para os lectores do xornal portelista. Pola súa parte, entre decembro de 1927 e xuño de 1928, nomeado pola JAE, Evaristo Correa Calderón ensina español na universidade de Toulouse e desde alí envía artigos para a cabeceira galega. Outro mozo, Felipe Fernández Armesto, que visitara Franza en 1926, chega a Alemaña a finais de 1928 e durante un ano proclámase ponte entre o mundo xermánico e os lectores de EPG. Ao tempo, Jesús Bal y Gay sinalaba con frecuencia que el escribía os seus artigos desde a Residencia de Estudiantes madrileña.

Ao lermos as colaboracións destes autores en EPG correspondentes aos anos inmediatamente anteriores á publicación de *Arredor de si*, tórnase evidente que todos eles aproveitaron a estadia no estranxeiro para se erixiren fronte ao público galego en interlocutores privilexiados coa cultura europea. Unha maneira recorrente de exhibiren os seus amplos coñecementos culturais era aludiren con frecuencia a escritores, artistas plásticos, pensadores ou políticos europeos, tanto contemporáneos como xa pertencentes á tradición, ou mesmo empregaren voces e

expresións francesas ou alemás nos seus artigos. Ao consultarmos hoxe en día os seus traballos xornalísticos, tórnase obvio que sentían unha marcada necesidade de demostraren ao público lector canto sabían. Evidentemente, consideraron que exhibir un coñecemento directo de Europa os autorizaba a valorizaren, con mellor criterio e recoñecemento, o propio país e, na liña do discurso rexeneracionista finisecular, observaron numerosas imperfeccións na Galiza de que proviñan, e non deixaron de as sinalar. Un dos albos reiterados das súas críticas, como comprobaremos, foi precisamente o galeguismo de preguerra. Vexamos máis ao pormenor cal foi o ton de cada un dos discursos que chegaban desde as cidades europeas.

O mozo que escribiu para EPG desde Madrid foi Jesús Bal y Gay. O lugués marchara en 1921 para seguir os seus estudos universitarios; desde 1924 e até o momento de contraer matrimonio en 1933 (excepción feita do ano 1927, cando prestou o servizo militar en Compostela) morou na Residencia de Estudiantes (Fernández García 2005: 14 e ss.). Bal, colaborador habitual da cabeceira de Portela Valladares desde maio de 1925, unha das voces máis activas e agresivas no debate de mozos e vellos⁷, aproveitou a súa condición de residente como elemento de prestixio para intervir nas diferentes polémicas, onde sempre lle atribuíu á capital do estado un alto valor.

Sen dúbida, un exemplo paradigmático da súa participación nos debates, en tanto que observador desde Madrid, foi o proxecto da construción dunha Residencia de Estudiantes en Compostela, da cal a matritense debería ser

modelo. Bal y Gay non foi o único colaborador que se ocupou deste tema, mais si resultou ser quen máis atención lle prestou (Bal y Gay 1927a, 1927b, 1927g, 1928a [X.Y.] e 1928b), entre outros motivos porque el a coñecía de primeira man. O asunto da Residencia (Madrid como modelo para Compostela) proporcionoulle numerosas oportunidades para expor a súa opinión sobre o estado de cousas que, naquela altura, había en Galiza⁸.

Nos anos inmediatamente anteriores á publicación de *Arredor de si*, Bal y Gay defendeu desde EPG posicións contrarias ás do galeguismo, con vontade de provocación, como cando disertou sobre a necesidade de os artistas galegos conquistaren Madrid e gozaren de recoñecemento na capital, ao tempo que denunciaba a incultura e orgullo que padecían, explicábel en parte polos defectos que había “dentro de nuestras fronteras” e da pouca atención que se prestaba ao de fóra (Bal y Gay 1926a, 1926d). Outro exemplo propio do posicionamento de Bal vémosto nunha longa polémica sobre a lingua e a súa ortografía, reavivada en 1929 (cando se estaba a redixir *Arredor de si*), na que Bal intervén e pretende esclarecer desde Madrid, grazas a unha entrevista con García de Diego, o que na Galiza non se daba acordado⁹.

Parece que a esta anécdota aludía Otero Pedrayo no artigo antes citado, cando á hora de caracterizar o “tráxico istante” que vivía a mocidade galega, afirmaba que esta “agarda a opineón d’un profesor de Madrid”. Con todo, o que no artigo semella unha evidente alusión a Bal y Gay, en *Arredor de si* podemos consideralo, mesmo, como unha parodia do que foi

⁷ De feito, en varias ocasións perfilou o grupo dos “novos”, ao tempo que atacou con dureza aos “da Raza”, no que parecen ser críticas evidentes ao nacionalismo galego e ao grupo Nós (Bal y Gay 1925a, 1925b, 1925c, 1927c, 1927d, 1927e).

⁸ Por exemplo, cando trata a cuestión de quen habería de dirixir a Residencia, fronte a unha figura como Jiménez Fraud, Bal afirma entre outras cousas que “el más hábil de nuestros intelectuales es tan solo un cazurro” (Bal y Gay 1926d). Non é esta a única ocasión en que descualificou en EPG os intelectuais galegos, a quen designou nos seus artigos, entre outros termos, como “coro dictatorial”, “os da raza” ou “hirmandades do autobombo” (Bal y Gay 1926c, 1927g).

⁹ Para o lugués, os filólogos galegos que se pronunciaron sobre esta cuestión (Cotarelo Valledor, Couceiro Freixomil) non tiñan autoridade de abondo e cumpría recorrer a un sabio “peninsuar”, como Menéndez Pidal, Navarro Tomás ou García de Diego (Bal y Gay 1929c, 1929d).

o seu propio discurso e, por extensión, do da NGG, nas páxinas de EPG nos anos 20. No episodio do romance en que se refire á presenza de Adrián Solovio na tertulia dos “notábeis” galegos no Retiro, o discurso sobre Galiza que Otero pon en boca dun “ex-ministro” (Otero Pedrayo 1930: 72) parece recoller boa parte dos tópicos defendidos pola NGG, e nomeadamente por Bal y Gay, no xornal vigués. Os mozos non andaban lonxe da vella política da Restauración¹⁰...

No caso de Evaristo Correa Calderón, a serie de artigos remitidos desde Toulouse aparecen baixo a epígrafe de “Los trabajos y los días” e neles ocúpase dos diversos aspectos da vida francesa, máis tamén de variados temas da actualidade galega e española (a Residencia de Estudiantes compostelá, o turismo, a cuestión ortográfica, a Exposición do Libro Galego...), de cuestións de estética etc. Porén, os máis relevantes para o tema que nos ocupa son os traballos en que diserta sobre o papel dos intelectuais, ou sobre aspectos relativos á literatura galega. Non son poucos.

Un dos máis significativos talvez sexa aquel en que, con motivo do éxito do doutor Nóvoa Santos nas oposicións á cátedra de Patoloxía da Universidade Central, Correa trata a conveniencia de emigraren os intelectuais galegos, e non os labregos, xa que de o faceren os primeiros habería de mellorar o “escaso crédito que por ahí delante tenemos” (Correa Calderón 1927). As reflexións sobre a proxección exterior dos intelectuais continúan en artigos posteriores, onde insiste na conveniencia de que triunfe “uno de los nuestros” no ámbito da ciencia, ou da arte ou da literatura, algo para o que non todo o mundo ten capacidade, segundo explica:

Y después, ¡es tan fácil y cómodo ser gloria local! No consiste más que en formar una

capillita, en rodearse de amigos igualmente impotentes, ansiosos a su vez de adjetivos. Se forma un terrible escalafón. Primero, gloria local. Después ya se pasa a categoría regional. Luego, “precursor”, “pensador de la raza” y otras garrambinas por el estilo. (Correa Calderón 1928b)

Así mesmo, Correa denuncia que “estas gentes” ven un perigo naqueles que “se expatrian temporalmente o para siempre”, a quen con insidias lles apagan “las resonancias de los éxitos” e lles negan “carta de galleguidad”. Así e todo, escribe Correa, fronte á opinión de “algunos intelectuales gallegos que se creen los únicos sacerdotes del fuego sagrado, decimos nosotros que los que con más intensidad sienten el ideal de la tierra son los que están fuera de ella” (Correa Calderón 1928b).

Aliás, a relación entre as diferentes culturas (traducións, intermediarios, divulgación...) foi outro asunto recorrente nas colaboracións de Correa Calderón en EPG durante estes meses e mesmo aproveitou para trazar unha diagnose do “momento literario” de Galiza, a cal, malia a estar feita na Franza, parece evidente que ía dirixida a un público galego. Nela apúntase a coexistencia de dúas xeracións, a que denomina como continuadores ou novecentistas, e a outra, a *Nueva Generación Gallega*. Os primeiros caracterízanse por unha certa “ganga pueblerina y pueril” e son ben poucos os que nesa altura realizaran “unha obra permanente”. Fronte a eles, a NGG mostra “afán de superación”, foi “amamantada a los pechos de Europa” e ten as cualidades para acadar “nuestra expansión ideal”, porque atesoura “esencia de universalidad y el espíritu rural conveniente”. Dos primeiros non menciona nome ningún, dos segundos cita a “Amado Carballo, Eugenio Montes, Manolo Antonio, etc.” (Correa Calderón 1928a).

¹⁰ Algúns deste tópicos eran a necesidade do Progreso, achegar Galiza á Porta do Sol, mellores comunicacións e escolas, fomento do turismo, facilitar que os “mozos listos” estuden en Madrid, uso da lingua galega unicamente para o cultivo da poesía, rexeitamento do “rexionalismo”... Entre outros moitos traballos, para o tema do turismo véxase Fernández Armesto (1928a), Correa Calderón (1928d), [Bal y Gay.] X.Y. (1929a); sobre a escola, Bal y Gay (1929a); sobre as comunicacións, Correa Calderón (1928g), etc. Outro dos lugares de *Arredor de si* en que apreciamos unha referencia máis explícita ás polémicas que viron a luz nas páxinas de EPG nos anos precedentes á publicación do romance é a reflexión que sobre a lingua galega e os seus usos podemos ler no capítulo XV (Otero Pedrayo 1930: 145); confróntense estas afirmacións coas de Carballeira 1928.

Desde Franza, Correa Calderón reincidirá nestas valoracións, subliñando o fracaso da xeración “de 1900”, xa que nin logrou unha proxección popular da literatura galega, nin acadou, ao seu criterio, unha literatura culta para as elites; se algo positivo lle reconece é precisamente o teren feito traducións (algo en que se deberían prodigar máis), citando a Villar Ponte e Otero polos seus respectivos traballos sobre Yeats e Joyce, e mesmo aconsella a Ánxel Casal estas ideas (Correa Calderón 1928c, 1928h)¹¹.

Pola súa parte, Felipe Fernández Armesto será protagonista desde Berlín. O mundo alemán ocupará moitas das súas crónicas, sobre todo a Universidade, e desde ela intentará mediar entre a cultura galega e a alta institución alemá. Agora ben, por suposto, non deixará de intervir tamén na actualidade galega, ao tempo que emitirá xuízos críticos sobre o que estaba a acontecer na nosa terra. Unha boa mostra disto podería ser o artigo en que descobre para o público galego a figura de José Canedo. Nesta colaboración, ao tempo que subliña o prestixio das universidades centroeuropeas, constata desde a capital xermana as “simplezas de tanto tonto como en Galicia se viste de investigador filolóxico o prehistórico o folklórico etc. etcétera, (de los que no hago más excepción que la honrosa –cuando menos por sincera– de mi antiguo maestro, Cuevillas)” (Fernández Armesto 1929c). Nese mesmo artigo, sobre a que daquela podería ser a institución universitaria galega con máis proxección, o SEG, aclara que “(...) Si yo no he creído nunca en el S. de E. G. y sigo no creyendo es por que [*sic*] me parece que un Seminario de nuestra época entre cuyos laborantes no existe ni un sólo conocedor del alemán, no puede realizar nada serio científicamente”.

A pertinencia de coñecer o alemán será reiterada en moitos dos seus artigos berlineses (Fernández Armesto 1928b, 1929a, 1929b), publicados todos eles en castelán e case sempre será un argumento que sirva para marcar as diferenzas co que se está a facer en Galiza, xa que, ao seu xuízo, “mientras Galicia siga

teniendo una intelectualidad que no conoce ni el alemán, ni el ruso, ni el inglés, ni casi el francés, Galicia seguirá siendo rural” (Fernández Armesto 1929d). Nese artigo, en que analiza as relacións da Alemaña con EE.UU. e con Rusia, non deixa de facer un significativo excursio:

Quiero yo mismo aclarar la respuesta: quienes se “sirvieron” de Galicia o del galleguismo, jamás recibieron o concibieron –prístino es el sentido que le doy a estas palabras– ni a Galicia ni al galleguismo; vedlos ya hoy con la gloria cubriéndoles como una escafandra, la gloria que no puede ser nunca más que una bulba recatada en el pecho. (Fernández Armesto 1929d)

Ao igual que no caso de Correa Calderón, Fernández Armesto aproveitou a tribuna universitaria para divulgar a realidade galega no país de acollida e os ecos dese seu discurso van chegar a Galiza (EPG: 12/12/1928). De feito, impartiu varios cursos na Universidade de Berlín, un deles monográfico sobre *Galicia en la cultura española*, curso que se vería completado pola intervención doutro deses mozos galegos: Eugenio Montes. Anteriormente, en finais de 1928, o propio Fernández Armesto fora convidado pola cabeceira alemá *Berliner Tageblatt* para escribir sobre “el nuevo pensamiento de Galicia”, que parece ser o autor tratou en catro partes: política, economía, literatura e arte. En finais de maio de 1929, por tanto, cando Otero Pedrayo estaba a escribir *Arredor de si*, os lectores de EPG puideron ler un extracto das colaboracións anteriormente publicadas na Alemaña ([s. n.] 1929). As citas que reproducimos nos parágrafos seguintes proceden todas elas, salvo aclaración explícita, deste traballo.

Nel pódese constatar a visión que este mozo proxecta da literatura galega até 1929. Deixando á parte o referido ao século XIX (palabras amábeis para Añón e Curros, moi severas para Rosalía e Lamas, silencio sobre Pondal), na síntese da colaboración alemá de Fernández Armesto apenas se alude á revista *Nós* (unha breve mención de que con Vicente Risco voltou

¹¹ Con todo, nas colaboracións de Correa Calderón tamén podemos ler xuízos positivos sobre o labor de Nós, por exemplo, no referido aos traballos para a Exposición do Libro Galego ou ao desenvolvemento do ensaio científico (Correa Calderón 1928c, 1928g).

o contacto entre Galiza e Europa), nada se di de Castelao e preséntase a cultura en forma de xeracións. Unha delas, caracterizada como “de sacrificio”, desas “que se encuentra en la historia de todas las culturas, formada por hombres desarticulados, pero repletos de vitalidad, de generosas inquietudes”, estaría formada por “Fernández Mato, Peña Novo, Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, García Martí, Nóvoa Santos, etc.”. Canto á outra,

La nueva generación que no llega todavía a los treinta años trae consigo, al parecer, un aire impetuoso y una arrogancia sin precedentes en las actitudes colectivas de Galicia. Es esta la primera generación de literatos y artistas que buscan, con sentido liberal, enlazarse en la política, la primera que siente compactamente los problemas sociales de su tierra.

Para Fernández Armesto, estes mozos, que acharon en EPG (mercé a Portela Valladares) “un magnífico instrumento de actuación sobre el pueblo”, terían á súa fronte tres guías (Eugenio Montes, Amado Carballo e Rafael Dieste) e, de entre a extensa relación de nomes que recolle a noticia, podemos destacar a Correa Calderón, Fernández Mazas, Maside, Bal y Gay, Manuel Antonio, Cebreiro, Blanco Amor, Rof Carballo, Otero Espasandín, Filgueira Valverde, Bonome, Santiso Girón... Todos eles “trabajan, repletos de fe, empujados, como plantas, por la misma tierra, viviendo de sus esencias”, pero sobre todo, o que nos fai pensar moito en *Arredor de sí*, é que todos eles parecen fornecerse “de instrumentos en el mundo –en Berlín, en París, en Londres, en Moscú, en Nueva York– palpitantes de inquietudes sociales”. Neles, conclúe o texto, “la literatura de Galicia se siente ya reconquistada y ve lograrse su libertad interior”.

Un deses guías da nova xeración, Eugenio Montes, foi tamén un grande viaxeiro, dado que entre os veráns de 1927 e 1929 percorreu varios países (Franza, Bélxica, Alemaña, Holanda...) e pronunciou conferencias en dous continentes (Europa e América do Norte). Durante eses anos demostrou na cabeceira viguesa canto sabía de literatura, arte ou política europea, ao tempo que non dubidaba en emitir con grande seguridade xuízos sobre estes temas. Da lectura actual das súas colaboracións en EPG despréndese que

Eugenio Montes quería presentarse como un grande coñecedor da cultura europea.

Porén, tal vez debido á súa condición de mentor dos mozos, nas colaboracións destes anos de Eugenio Montes non lemos ataques ou críticas directas aos homes de *Nós* ou ás institucións do galeguismo, tal como as viamos nos traballos de Bal y Gay, Correa Calderón ou Fernández Armesto. Nas poucas ocasións en que o de Bande se achega a temas relacionados coa actualidade galega, si que menciona a Vicente Risco ou a Otero Pedrayo, mais faino en pé de igualdade, equiparándose a eles (Montes 1927, 1928a).

En calquera caso, para o tema que nos ocupa, a relación dos mozos con Europa e a diferenza entre eles e os integrantes da xeración *Nós*, posibelmente sexa un artigo publicado no verán de 1928, tras o seu regreso de París, aquel que máis nos poida interesar. Nel, Montes reflicte sobre a mudanza que experimentara a cultura galega nos dez últimos anos, e de como nese momento recuperara o diálogo con Europa. Ao seu xuízo, “Galicia era un país atrasado, dormido por los opios de la politiquería, del madrileñismo y la más zafia ruralidad”, mentres que “ahora es un pueblo que vibra al compás de Europa, en donde laten los latidos del corazón europeo” (Montes 1928b).

Para explicar estes cambios, parecía incontornábel mencionar o labor desenvolvido polo grupo *Nós*, aínda que é moi interesante ver o matiz, a diferenza, que establece Montes entre os que designa como “ellos” e “nosotros”:

Justo es reconocer que la inclinación de que, para que fuese algo Galicia, cumplía avecindarla en Europa, se debe a la generación hoy madura. A los Risco, a los Cuevilla [*sic*], a los Losada, a los Castelao, a los Villar. Ellos señalaron, con insistente índice, el camino. Pero no se atrevieron a recorrerlo. Somos nosotros los que oímos las canciones de las sirenas castrales [*sic*]. Es nuestra generación la que se planta en Europa para que Galicia vaya a ella y ella venga a Galicia.

Ya el viento de París ha mesado los cabellos de todos los jóvenes. Ya todos van a estudiar allí. Galicia exporta estudiantes a la Sorbona. Y la Sorbona comienza a exportar profesores a Galicia. (Montes 1928b)

A maneira de síntese do que levamos exposto, podemos afirmar que nas colaboracións en EPG destes catro mozos observamos a vontade reiterada de criticaren e avaliaren o traballo do nacionalismo galego en termos que, ou ben son abertamente negativos, ou ben ponderan de maneira modesta o labor desenvolvido por este desde 1916. Igualmente, tamén é unha idea recorrente nestes traballos de prensa o identificaren no campo literario galego da década de 20 do século pasado, cando menos, dúas xeracións: unha delas, que correspondería con Nós, artífice de certos logros mais tamén de longas sombras e outra, oposta, formada por rapaces novos, prometedora, de vocación universal, unha xeración que, por parafrasearmos o texto de Eugenio Montes, coñecía Europa de primeira man. Non parece un dato irrelevante o feito de estes mozos se expresaren principalmente en castelán.

O periplo de Adrián Solovio en *Arredor de si* publicouse en 1930 e parécenos improbable que os lectores e lectoras daquela altura non puxesen en relación este romance, tan ideolóxico, co discurso dos mozos que andaban por Europa e para os cales o cosmopolitismo resultaba un asunto de grande rendibilidade. A notábel difusión acadada por EPG durante a segunda metade da década de 20, e a continuidade das colaboracións dos integrantes da NGG neses anos, tornaría doado que o público lector puidese contrapor o camiño dos xornalistas universitarios fronte ao da personaxe oteriana.

3. CONCLUSIÓNS

Xunto ás interpretacións de *Arredor de si* como a crónica da formación intelectual dunha época e dunha xeración, formación que explora diferentes culturas para, finalmente, conducir á descuberta da propia identidade, consideramos que o romance tamén pode ser entendido como máis unha intervención, de especial relevo, no debate que durante a segunda metade da década dos anos 20 do século pasado mantiveron os mozos da NGG co nacionalismo representado por Nós. A recensión da obra que publicou A. Villar Ponte nas páxinas de EPG en 1930 móstranos que o público lector daquela altura non entendeu o romance en chave autobiográfica. Por outra parte, varios contributos de Otero Pedrayo nese mesmo xornal mentres

estaba a escribir *Arredor de si*, evidencian as súas reflexións sobre a formación da mocidade galega e, moi particularmente, sobre o relacionamento con outras culturas e o papel mediador de Madrid.

Entendemos que tal preocupación é debida, en boa parte, ás frecuentes entregas que desde 1926 viñan asinando en EPG desde Madrid, Franza ou Alemaña estudantes universitarios ou profesores novos (Bal y Gay, Correa Calderón, Fernández Armesto, E. Montes). En tales artigos de opinión, que chegaban a un público moi numeroso, estes mozos exhibían o seu coñecemento *in situ* das culturas europeas, mostraban unha profusa erudición, valorizaban de xeito discreto, en ocasións negativo, o labor do grupo Nós e, finalmente, esforzábanse en se identificar como unha xeración moderna, ligada a Europa, prometedora, ben diferente da que os precedera. Un dos trazos que procuran destacar, como fonte de prestixio e autoridade fronte aos seus colegas, é o vínculo e o coñecemento directo das culturas europeas, tanto por seren os lugares desde onde escriben, como por eles mesmos coñeceren a lingua e a cultura destes lugares. No entanto, parece relevante notarmos que a lingua en que se expresan no xornal é maioritariamente o castelán e que, para alén da súa relación con Europa e o seu explícito desdén polo labor do nacionalismo galego, os intelectuais madrileños e o ámbito da cultura en español actúan como marco de referencia positivo. De feito, isto era o que explicita o propio Otero no artigo en EPG en Nadal de 1929 cando estaba a rematar *Arredor de si*.

Na nosa opinión, Adrián Solovio, o protagonista de *Arredor de si*, pode ser tanto un *alter ego* dos integrantes do grupo do seu autor, como un paradigma máis ou menos ideal de cal debería ser a relación que os mozos galegos mantivesen con Europa, antitética daquela que estaban a mostrar os da NGG. Fronte á idea do cosmopolitismo, fronte á incompreensión ou ao contacto superficial cunha cultura castelá que se sente como allea, fronte ao mimetismo acrítico da Franza e da Alemaña daquela altura, a mocidade galega debería buscar unha relación en pé de igualdade coas outras culturas. A notábel erudición que o autor de Trasalba esgrime nos capítulos en que Adrián Solovio percorre Madrid,

a meseta ou Europa desexaría subliñar, entre outras cousas, que a decisión do mozo galego encarnado por Solovio non é consecuencia da ignorancia, senón dunha marcada evolución intelectual que levaba, non a refugar o propio, senón a descubri-lo.

Igualmente consideramos que se hoxe en día *Arredor de si* continúa a ser unha obra suxerente é debido, en boa medida, a que o autor non circunscribe o seu relato de maneira concreta e pechada a esta disputa da Galiza dos anos 20. Ao propor un modelo positivo (cal é o camiño que o protagonista pode seguir) fronte ao negativo (a descualificación ou o ataque explícito

aos autores ou teses contrarias) e evitar alusións directas, Otero Pedrayo concedeu a este romance a posibilidade de moitas relecturas e variadas interpretacións, de maneira que transcendeu amplamente o momento en que viu a luz. Foron pasando as décadas e a narración oteriana despertou interese ao reflectir sobre unha cuestión tan central como é a da identidade nacional. Pola contra, o silencio e o esquecemento foron arrecantando nas hemerotecas as intervencións da NGG, ocultando, así, a lectura de *Arredor de si* como decidida e concreta intervención nun debate que non foi, até o de agora, suficientemente ponderado.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AXEITOS, Xosé Luís (1997): “A recepción das vangardas en Galicia”, *Boletín Galego de Literatura* 17, pp. 7-55.
- BAL Y GAY, Jesús (1925a): “Tres piezas para gaita gallega. I.- Alborada”, EPG 26/VII, p. 1.
- (1925b): “Tres piezas para gaita gallega. II.- Goeterdaemmerung”, EPG 28/VII, p. 1.
- (1925c): “Tres piezas para gaita gallega. Y III.- Canto de sega”, EPG 29/VII, p. 1.
- (1926a): “Retorno”, EPG 22/VI, p. 1.
- (1926b): “Iconoclastia II”, EPG 03/VII, p. 1.
- (1926c): “Una alusión”, EPG 08/VII, p. 1.
- (1926d): “Las Residencias”, EPG 04/XI, p. 2.
- (1927a): “Invitación a los ricos”, EPG 01/I, p. 4.
- (1927b): “Después de un toque”, EPG 19/I, p. 1.
- (1927c): “La nueva generación I”, EPG 04/III, pp. 1-2.
- (1927d): “La nueva generación II”, EPG 12/III, pp. 1-2.
- (1927e): “La nueva generación III”, EPG 17/III, p. 1.
- (1927f): “Os da raza II”, EPG 30/VIII, p. 1.
- (1927g): “Presencia de un ejemplo”, EPG 13/XI, pp. 11-12.
- (1929b): “La escuela”, EPG 25/V, p. 1.
- (1929c): “Pra a nosa ortografía”, EPG 12/VI, p. 1.
- (1929d): “El idioma gallego. Lecciones en interviu. Don Vicente García de Diego”, EPG 06/VII, p.1.
- [X.Y.] (1928a): “A Residencia”, EPG 27/I, p. 1.
- [X.Y.] (1928b): “A Residencia II”, EPG 03/II, p. 1.
- [X.Y.] (1929a): “Santiago en 1929”, EPG 09/III, p. 1.

- CARBALLEIRA, Johan (1928): "Posición del gallego", EPG 04/IX, p. 1.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1934): "A xeneración de Risco", *Nós* 131, pp. 182-184.
- CASARES, Carlos (1981): *Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia.
- CORREA CALDERÓN, Evaristo (1927): "Exportación de intelectuales", EPG 11/XII, p. 1.
- (1928a): "Mirada sobre el momento literario de Galicia", EPG 01/I, p. 7.
- (1928b): "Reincidiendo", EPG 12/I, p. 1.
- (1928c): "Sobre la exposición del libro gallego", EPG 22/I, pp. 1-2.
- (1928d): "Una literatura popular", EPG 15/II, p. 1.
- (1928e): "Propaganda de Galicia", EPG 23/II, p. 1.
- (1928f): "Orientación de nuestra literatura", EPG 26/II, p. 1.
- (1928g): "Nueva orientación de los estudios en Galicia", EPG 29/II, p. 1.
- (1928h): "Ciencia gallega", EPG 24/III, p. 1.
- (1928i): "El ferrocarril Villafranca-Lugo", EPG 29/VIII, p. 1.
- FERNÁNDEZ ARMESTO, Felipe (1928a): "A larga vista. El tema del turismo", EPG 15/XI, p. 1.
- (1928b): "Alemania en esquemas. Erlebnis", EPG 29/XII, p. 1.
- (1929a): "Esquemas del idioma. Gemütlichkeit", EPG, 13/I (1929a), p. 1.
- (1929b): "Esquemas del idioma. Sehnsucht", EPG 20/III, p. 1.
- (1929c): "Descubrimiento de un filólogo. José Canedo", EPG 05/IV, pp. 1-2.
- (1929d): "En la muerte de Stresemann", EPG 13/X, p. 10.
- FERNÁNDEZ GARCÍA, Rosa María (2005): *Bal y Gay. O seu pensamento antes de 1933*. Sada: Edición do Castro.
- GURRIARÁN, Ricardo (2011): "As viaxes científicas e a súa achega para a construción do pensamento en Galicia", en C. Fernández Pérez-Sanjulián (ed.), *Viaxes e construción do pensamento. Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*. A Coruña: Universidade, Servizo de Publicacións, pp. 93-126.
- MONTES, Euxenio (1927): "O centenario do romantismo II", EPG 30/XII, p. 1.
- (1928a), "O romantismo e a raza céltiga", EPG 08/I, p. 1.
- (1928b): "Camino de Santiago, ida y vuelta", EPG 21/VI, p. 1.
- NOIA, Camiño (2011): "A viaxe de estudos de Castelao a Europa", en C. Fernández Pérez-Sanjulián (ed.), *Viaxes e construción do pensamento. Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*. A Coruña: Universidade, Servizo de Publicacións, pp. 237-249.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1929a): "Colón gal(l)ego", EPG 10/II, p. 1.
- (1929b): "Un capído de novela", EPG 24/II, p. 1.
- (1929c): "Un cantar de sirena", EPG, 25/XII, p. 1.
- (1930): *Arredor de si*. A Coruña: Nós.
- (2007): *Cartas á nai (1905-1950)* (Eds. Patricia Arias Chachero e Mónica Pazos Martínez). Vigo: Galaxia.

- QUINTANA GARRIDO, Xosé Ramón (2002): *Diario de empresa e xornalismo cívico: o Galicia. Diario de Vigo (1922-1926)*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- RISCO, Vicente (1933): “Nós, os inadaptados”, *Nós* 115, pp. 115-123.
- [s. n.] (1929): “Galicia en Europa. Un artículo sobre la literatura gallega”, EPG, 29/V, 1.
- VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto (2003): *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*. Sada: Edicións do Castro.
- VILLAR PONTE, Antón (1930): “Novela gallega magistral”, EPG 20/VIII, p. 1.
- VILLARES PAZ, Ramón (2007): *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*. Traslba: Fundación Otero Pedrayo.